

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 10/2024, DO 22 DE  
NOVEMBRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO  
PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE  
COMPROBACIÓN DOS REQUISITOS PARA A  
REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS**

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala no seu artigo 28 e concretamente no apartado 2 que “Os interesados teñen dereito a non aportar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou teñan sido elaborados por calquera outra Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos salvo que o interesado se opuxera a elo”.

En cumprimento do devandito precepto e no camiño de facer uns procedementos áxiles e que non supoñan cargas engadidas ás persoas interesadas, é polo que a Universidade de Vigo ten solicitado distintos servizos de verificación e consulta de datos - Sustitución de Certificados en papel (SCSP).

Entre os servizos autorizados se atopa a consulta dos números de afiliación á seguridade social e a consulta de inexistencia de delitos sexuais.

**1. Consulta dos números de afiliación á seguridade social.**

Este servizo foi solicitado con fundamento en que segundo o establecido na lexislación vixente, para que o estudiantado poida realizar prácticas académicas externas, entre outros requisitos, é necesario que aquel alumnado matriculado nas materias de prácticas externas, informen o seu número de seguridade social (NUSS).

Normativa: A disposición adicional quincuaxésima segunda (DA 52<sup>a</sup>) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, “*Inclusión en el sistema de Seguridad Social de alumnos que realicen prácticas formativas o prácticas académicas externas incluídas en programas de formación*”, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

En dita DA 52<sup>a</sup> establécese que a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional.



## 2. Consulta de inexistencia de delitos sexuais.

O fundamento da petición neste caso baséase na necesidade de que o estudantado que realice prácticas externas susceptibles de ter contacto con menores deben carecer de antecedentes por delitos sexuais.

Normativa: Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica ao menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Protección á Infancia e adolescencia.

Para levar a termo o cumprimento efectivo do dereito a non aportar documentación por parte do estudantado e facer efectiva a consulta dos anteriores datos é polo que parece convinte aprobar una instrución que organice e ordene o procedemento de consulta.

### PREPARACIÓN DE PERSOAS USUARIAS PARA CONSULTAR

1.- No proceso de matrícula danse indicacións ao alumnado de que a Universidade de Vigo comprobará de oficio o NUSS e a inexistencia de delitos sexuais, entre outra documentación, sempre que a persoa interesada non se opona expresamente a esta consulta. No caso de manifestar a súa oposición, deberá achegar o certificado de non constancia de delitos sexuais e o correspondente ao seu NUSS.

2.- Os/as administradores/as de centro, remitirán á Secretaría Xeral ([vicesecxeraltec@uvigo.gal](mailto:vicesecxeraltec@uvigo.gal)) unha listaxe coas persoas que se debe autorizar a facer ás consultas no Cliente Ligerio SCSP, indicando o servizo que se debe autorizar a cada persoa, o nome, apelidos, nº DNI, posto que se ocupa, correo electrónico e teléfono.

O número máximo de persoas será de dous por área podéndose incrementar este número previa petición xustificada da Xefatura da área correspondente.

### PROCEDEMENTO DE CONSULTA



3.- Unha vez finalizada a matrícula e antes de iniciar as prácticas, as persoas autorizadas das xefaturas das áreas de apoio a centros e departamentos dos centros onde estea matriculado este estudiantado, deberán comprobar:

-Para consulta do número de afiliación á seguridade social (NUSS)

- a) Deberase comprobar que non existe oposición á consulta dos datos. A unidade SIGMA remitirá un listado coa relación do alumnado que se opoña ás consultas, unha vez rematado o prazo de matrícula de grao e de posgrao.
- b) Acceso á aplicación Cliente ligero SCSP para comprobación e emisión do certificado correspondente.
- c) O dato do NUSS obtido, deberase subir á aplicación SIGMA de forma masiva mediante un Excel.

-Para consulta de inexistencia de delitos sexuais

- a) Que non existe oposición á consulta dos datos. A unidade SIGMA remitirá un listado coa relación do alumnado que se opoña ás consultas, unha vez rematado o prazo de matrícula de grao e de posgrao.
- b) Acceso á aplicación Cliente ligero SCSP para comprobación e emisión do certificado correspondente.
- c) O resultado da consulta, de ser positiva, dará lugar á comunicación ao/a coordinador/a da materia, da imposibilidade da realización da práctica por parte do estudante afectado. Non é preciso que se garde a consulta realizada.

É importante sinalar que só poden ser consultados os datos daquelas persoas que non fixeran oposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A xerenta,

Yolanda T. Lesmes Romero

